



SECRETARÍA DE GOBIERNO  
Tribunal Superior de Xustiza de Galicia  
Plaza de Galicia (Palacio Justicia) s/n  
15004 A CORUÑA

**Asunto: Servizos mínimos folga indefinida. Solicitud de colaboración**

Convocada polas organización sindicais con representación na Mesa Sectorial de Xustiza folga indefinida a partir do día 7 de febreiro de 2018, o vindeiro día 6 de febreiro publicase no Diario Oficial de Galicia a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se determinan os servizos mínimos aplicables.

Seguindo instrucións desta Dirección Xeral de Xustiza, cada servizo de persoal das respectivas Xefaturas Territoriais desta consellería, elaborará un documento onde constarán as persoas designadas para prestar os servizos mínimos fixados, así como os días nos que o deben prestar. Os funcionarios/as designados deberán asinar a correspondente notificación para facer constancia da súa recepción e remitilo ao servizo de persoal correspondente a súa provincia.

En base ao disposto no artigo 16 do Real Decreto 1608/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico do Corpo de Secretarios xudiciais, solicítase a colaboración desa Secretaría de Goberno para que dea as instrucións que considere oportunas para a efectividade da comunicación ás persoas designadas para facer os servizos mínimos e para que teñan constancia dos mesmos os/as responsables funcionais respectivos.

Así mesmo, achégase modelo de parte de seguimento diario da folga para constancia do persoal funcionario que exercite o dito dereito.

Para calquera circunstancia excepcional que poida alterar a designación establecida ou calquera outra incidencia que se considere necesario comunicar poderán poñerse en contacto cos correspondentes servizos do persoal das Xefaturas Territoriais desta consellería na respectiva provincia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE